



RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

ASUNTO: Listaxe de solicitudes admitidas e excluídas para impartir os módulos de inserción laboral, sensibilización medioambiental e na igualdade de xénero e formación para a igualdade nos cursos que se impartirán ao longo do ano 2025 no Centro de Formación do Concello de Santa Comba subvencionados pola Xunta de Galicia.
Departamento Recursos Humanos
EXPEDIENTE: 2024/E001/000025

Logo de ver que rematou o prazo de presentación de solicitudes para participar no procedemento selectivo da contratación do persoal laboral temporal de persoal docente para impartir os módulos de inserción laboral, sensibilización medioambiental e na igualdade de xénero, así como o módulo de formación para a igualdade, cuxa convocatoria e bases foron aprobadas por decreto de alcaldía 1859/2024 de data 4 de decembro de 2024, publicadas no BOP o día 5 de decembro de 2024 e cuxos candidatos foron remitidos pola oficina de emprego.

E de ver o informe da Técnica de Recursos Humanos referente á relación de persoal aspirante e os documentos que presentan.

O alcalde ostenta a atribución para resolver estas cuestións, ao abeiro do artigo 21.1 da LBRL e demais lexislación.

De acordo con todo o indicado, RESOLVO:

1.- Aprobar a listaxe do persoal admitido e excluído nos seguintes procesos selectivos:

Módulos de formación para a inserción laboral, sensibilización medioambiental e na igualdade de xénero e formación para a igualdade:

Solicitudes admitidas:

Apelidos e nome	Rexistro entrada	Proba de galego	DNI
Cabaleiro García, Ana María	202599900000028	Exenta	***7455**
Calvo Mata, María Dulce	202599900000060	Exenta	***1529**

Solicitudes excluídas:

Ningunha

2.- Atendendo ao informe da Técnica de Recursos Humanos e tendo en conta que non existen solicitudes excluídas tal e como se recolle na base quinta das bases que regulan o proceso de selección, elevar a definitiva a listaxe provisional de persoal aspirante admitido e excluído.

3.- Designar nominativamente aos membros do tribunal cualificador para levar a cabo a fase de concurso-oposición tal e como se regula nas bases que rexen o proceso de selección.

Presidenta:

-Luz María Vieito Díaz, funcionaria de carreira do Concello de Santa Comba, ou persoa que a substitúa.

Vogais:

-M^a Cristina Pereira Ulla, persoal laboral fixo do Concello, ou persoa que o substitúa.

-M^a Isabel Barreiro Paredes, persoal laboral fixo do Concello, ou persoa que o substitúa.

-María Magdalena Ordóñez Villar, funcionaria de carreira do Concello de Santa Comba, ou persoa que a substitúa.

Secretario do Tribunal:

-Evaristo Lois Rama, persoal funcionario do Concello de Santa Comba, ou persoa que o substitúa.

4.- Publicar a listaxe de solicitudes admitidas e excluídas e a composición do tribunal cualificador conforme ás bases que regulan o proceso de selección.

5.- Convóquese ao tribunal cualificador para a constitución do tribunal de selección e levar a cabo a fase de concurso o 16 de xaneiro de 2025 ás 13:00 horas e a fase de oposición o 17 de xaneiro de 2025 ás 9:00 horas.

A fase de oposición farase na Casa do Concello de Santa Comba (Praza do Concello, s/n).

Acudir provisto de DNI ou documento fidedigno acreditativo e bolígrafo azul.

6.- Dar traslado deste decreto, aos membros designados.

7.- Dar conta ao Pleno da Corporación municipal na primeira sesión que se celebre.

Santa Comba,

O alcalde,

Dou fe, A Secretaria Xeral

Alberto Romar Landeira

Cristina Alonso Losada